

**REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO**  
SANTIAGO DE COMPOSTELA


Data: 10/12/2018 13:06:39

**SAIDA 15640/18**



Sr. Vicesecretario Xeral da Consellería de  
Infraestruturas e Vivenda  
Secretaría Xeral Técnica  
Edifícios Administrativos - San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela

Reclamante:   
Expediente. Nº **RSCTG 128/2017**

**ASUNTO: Acordo da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista a reclamación presentada por  mediante escrito á Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta o seguinte acordo:

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.** D. , en representación de  presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 11 de decembro de 2017, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, por entender desestimada por silencio administrativo unha solicitude de acceso á información formulada ante a Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Vivenda. O escrito ven acompañado da primeira folla dun recurso de alzada con rexistro de entrada no Rexistro Xeral da Xunta de 29 de setembro de 2017, no que figuraban as catro primeiras alegacións do recurso.

**Segundo.** Con data do 15 de decembro de 2017 remitiuse ao reclamante un requirimento de emenda da solicitude nos termos previstos nos artigos 19.2 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. Consta que foi recibido polo reclamante o 19 de decembro de 2017 sen que se obtivera resposta.

**Terceiro.** Con data do 11 de abril de 2018, remitiuse oficio á Dirección Xeral de Mobilidade solicitándolle a remisión de copia íntegra do referido escrito de recurso de alzada, así como, no caso de terse producido, a resolución do mesmo. Con data de entrada no Rexistro do Valedor do Pobo do 17 de agosto de 2018, a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de

Infraestruturas e Vivenda remite escrito no que informa que na Dirección Xeral de Mobilidade ditouse resolución de data 11/9/2017, denegando autorización da actividade de aluguer de vehículos sen condutor (VTC) e contra a dita resolución, [REDACTED] presentou recurso de alzada que se está a tramitar na Dirección Xeral de Mobilidade, e no momento en que se dite resolución, será comunicada de inmediato á Comisión da Transparencia.

Con data do 15 de outubro de 2018, o Vicesecretario da Consellería de Infraestruturas e Vivenda no que informa que dende a Comisión da Transparencia trasladouse a esta consellería unha solicitude de informe sobre o recurso citado, achegando una copia da primeira páxina do escrito de recurso. Con motivo do traslado de ubicación das dependencias da Dirección Xeral de Mobilidade, o referido escrito se traspapelou polo que se realizouse un contacto telefónico coa empresa reclamante, quen o remitiu por correo electrónico, sen sinatura nin rexistro de entrada.

O recurso está a tramitarse nestes momentos na Consellería de Infraestruturas e Vivenda.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das ditas reclamacións.

### Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación se axustará ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter

potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A lei 1/2016, de 18 de xaneiro, recoñece no seu art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma se configuran de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, de 18 de xaneiro).

O obxecto da lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos se somete a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións se pode falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente exigencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

### **Cuarto. Análise do expediente**

O Sr. ██████ presentou un recurso de alzada contra a resolución da Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Vivenda pola que se lle denegou a autorización da serie VTC-N para actividade de aluguer de vehículos con condutor solicitada. Ante a falta de resposta a dito recurso, o interesado presentou reclamación ante a Comisión da Transparencia baseándose no disposto no artigo 28 da Lei 1/2016.

O referido artigo establece que se poderá presentar reclamación contra a resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública. Tal e como se recolle no informe remitido pola Secretaría Xeral da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, no presente caso o interesado presentou unha solicitude de obtención dunha licenza para o exercicio dunha concreta actividade, e ante a denegación da autorización solicitada, o interesado presenta recurso de alzada no que solicita acceso a o listado de empresas de VTC, que se está a tramitar nestes momentos no centro directivo correspondente.

De acordo co anterior, o reclamante ten a condición de interesado nun expediente administrativo que se atopa en curso, polo que, de conformidade co establecido na disposición adicional primeira da Lei 19/2013, debe ser a normativa reguladora dese procedemento administrativo e non a normativa xeral en materia de transparencia a aplicable ao acceso por parte de quen ten a condición de interesado, polo que procede a inadmisión da reclamación presentada.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,


#### ACORDA

**Único:** Inadmitir a reclamación presentada por [REDACTED] contra a falta de resolución do recurso de alzada presentado con data do 19 de setembro de 2017, contra a resolución do 11 de setembro de 2017, da Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, pola que se lle denega autorización da serie VTC-N para actividade de aluguer de vehículos con condutor.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 7 de decembro de 2018

A presidenta da Comisión da Transparencia

  
Milagros Otero Parga